

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA
CATORCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a. Marta María Figueroa Fuentes (PSdeG-PSOE)
D.. Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Iglesias Becerra (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Suárez García (PSdeG-PSOE)
D^a. Jessica Méndez Sánchez (PSdeG-PSOE)
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez (PSdeG-PSOE)
D^a. María Penélope López Díaz (PSdeG-PSOE)
D. Carlos Liñares Gestal (PSdeG-PSOE)
D^a. Susana Amor Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Abraham Seijas González (PSdeG-PSOE)
D. Alfonso Rico Vereá (PP)
D^a. Izaskun García Gorostizu (PP)
D. Antón Prieto García (PP)
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)
D. Gonzalo Méndez Mosqueira (BNG)
D^a. María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños)
D. Eduardo José Mourelle Botana (Alternativa dos Veciños)
D^a. Sandra María Marzoa García (Alternativa dos Veciños)

Non asisten::

D^a. María Guadalupe Pombo Carril (PSdeG-PSOE)
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)

O Secretario:

D. Francisco Javier Varela Tejedor

A Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás nove horas e trinta minutos do día catorce de decembro de dous mil vinte e dous, reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral accidental e Interventora municipais.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- PROPOSTA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR DONA MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL AO CARGO DE CONCELEIRIA DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 9 de decembro do ano 2022, con código de documento USG16I04S4, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA AO PLENO

Visto o escrito presentado pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona María Guadalupe Pombo Carril, de data 1 de decembro de 2022 (entrada 01.12.2022, número de rexistro 11912) no que expón que, por motivos profesionais que a imposibilitan para asumir as funcións que ten encomendadas, procede a comunicar a súa renuncia á condición de concelleira no Concello de Culleredo e solicita se proceda polo Pleno deste Concello á toma en consideración da dita renuncia.

Considerando que o artigo 9 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, contempla que o concelleiro de calquera entidade local perderá a súa condición, entre outras causas, por renuncia que deberá facerse por escrito ante o Pleno da Corporación.

Considerando que a Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, dispón no seu artigo 182 que en caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación.

Considerando que o artigo 19.1 da citada Lei orgánica no seu apartado l) dispón que, entre outras competencias, corresponde á Xunta Electoral Central expedir as credenciais aos/ás concelleiros/as en caso de renuncia, unha vez rematado o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona.

Considerando que o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona concluíu aos cen días despois das eleccións (artigo 15.2 da LOREG), polo que procede remitir as actuacións á Xunta Electoral Central como órgano competente da Administración electoral, tal e como determina a Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

Procede, polo tanto, que o Pleno tome coñecemento da renuncia presentada e se dea conta de todo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial ao candidato seguinte da lista do PSdeG-PSOE a quen corresponda.

Por todo iso, PROPONSE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por dona María Guadalupe Pombo Carril ao cargo de concelleira desta Corporación elixida no proceso electoral celebrado o día 26 de maio de 2019.

Segundo.- Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central propoñéndolle que expida a credencial a favor de dona Cristina Pardo Portos, membro integrante da candidatura do PSdeG-PSOE presentada nas eleccións celebradas o 26 de maio de 2019 co número 14 ou, en caso de renuncia dela ou dalgún do/s candidato/s seguintes da dita lista electoral, a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere intervir antes de que se inicie o debate dos puntos incluídos na orde do día por unha cuestión de forma.

O Sr. alcalde di que non procede.

O Sr. Chouciño Garrido di que si procede porque calquer concelleiro pode pedir o uso da palabra en calquera momento ao longo do desenvolvemento da sesión e que el quere facer alusión á forma en que se convocou o pleno

que se está a celebrar porque ao seu entender, foi convocado de forma irregular, non celebrándose a xunta de voceiros obrigatoria anterior ao Pleno e engade que isto queda ben claro no ROM e que vai proceder á súa lectura, lendo a continuación o seguinte parágrafo:

“A Xunta de Voceiros reunírase, con carácter obrigatorio, antes da celebración das xuntanzas do Concello Pleno, xa sexan estas xuntanzas de carácter ordinario ou extraordinario.”

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que isto non lles parece casualidade e que no pleno do mes de outubro, acordouse, a proposta do BNG, e por unanimidade, facer todas as accións necesarias para preparar o contencioso-administrativo contra o Plan Director do Aeroporto, e o equipo de goberno non fixo nada do que se acordou alí, nin convocar unha asemblea informativa á veciñanza, nin demandar unha mellora na información ao Ministerio, nin comunicaron aos titulares das propiedades afectadas a nova situación das súas propiedades, nin convocaron a Comisión Especial do Aeroporto para trasladar o que se leva feito; di que de terse celebrado a Xunta de Voceiros o BNG propoñería que se incluíran as conclusións das accións que supostamente se leven feito; di que non se fixo nada do que di e que non se celebrou a Xunta de Voceiros para evitar dar explicacións do que fan e do que van facer e de por que deixan á veciñanza exposta unha vez máis e non cumpren a súa misión de defender á veciñanza; di que o pleno ordinario de decembro toca o día 29, cando o prazo para presentar o contencioso-administrativo xa pasou e engade que isto é dunha estratexia orquestada e que, a maiores do que expón, o secretario accidental leva máis dos trinta días legais que a Lei establece e que por iso o BNG se reserva o dereito a impugnar os acordos tomados no pleno que se está a celebrar xa que para o BNG non está convocado conforme ao disposto no Regulamento Orgánico Municipal.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras asistentes á sesión **os ACORDOS** seguintes:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por dona María Guadalupe Pombo Carril ao cargo de concelleira desta Corporación elixida no proceso electoral celebrado o día 26 de maio de 2019.

Segundo.- Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central propoñéndolle que expida a credencial a favor de dona Cristina Pardo Portos, membro integrante da candidatura do PSdeG-PSOE presentada nas eleccións celebradas o 26 de maio de 2019 co número 14 ou, en caso de renuncia dela ou dalgún do/s candidato/s seguintes da dita lista electoral, a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2021.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 9 de decembro do ano 2022, con código de documento UIT16I019V, que se transcribe no seu literal:

“**PROPOSTA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2021**

1. *A Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio económico 2021, formada pola Intervención Municipal e rendida polo Presidente, foi informada pola Comisión Especial de Contas (Certificado Ditame favorable código de documento USG16I04BU, de data 10 de novembro de 2022).*
2. *O anuncio de exposición ao público foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 213 de data 10 de novembro de 2022, así como no Taboleiro de edictos deste concello dende o día 10 de novembro de 2022 ata o día 1 de decembro de 2022.*

Código do documento	Código do expediente
USG17I00K1	USG/2022/206
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
206J 3J5G 6W3Q 4D6Q 0BES	

3. *Vista a certificación do Secretario Xeral Accidental de data 7 de decembro de 2022, na que se recolle que “non presentándose alegacións ao mesmo durante dito período no Rexistro Xeral deste Concello”.*

Á vista do exposto, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao 2021.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Urbanismo e de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta que se presenta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que como xa dixeron na comisión informativa, os membros do seu Grupo fan distintas observacións á Memoria pois en primeiro lugar a Memoria non está asinada telematicamente nin rubricada en papel e di que non saben por que pero que desta forma non se pode ter en conta; que ademais non contén nin unha soa mención á liquidación da Garrocha, e recorda que A Garrocha é unha concesión administrativa do Monte Costa para unha explotación hípica que acumulou débedas durante máis de dez anos que, certificado por Tesourería, chegaban ao importe de 326.000 euros aos que habería que sumarlle un mínimo de un millón de euros do deterioro das instalacións; di que o mesmo hai que dicir do Centro Loxístico de Transportes, no que se vén de saber que o Concello ten que pagar un millón e pico de euros, ao que hai que sumarlle a valoración da bascula; di que os membros do seu Grupo solicitaban que se incluíra documentación ao respecto e que non se incluíu; di que a maiores se di na Memoria que o Concello dispón dunha Fundación para o Desenvolvemento Local de Culleredo (FUNDESCU), engadindo que outros anos nos que se tratou a conta xeral os membros do seu Grupo teñen feito alusión a que a Memoria indicaba que o Concello non dispoñía de organismos nin entes dependentes, e este ano apareceu a Fundación FUNDESCU, pola que o BNG ten preguntado outros anos, sin unha explicación de por que outros anos non estaba e este ano si.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a maiores do exposto, a Memoria fala noutro punto das competencias e da prestación de servizos do Concello dividíndoos en servizos obrigatorios e servizos voluntarios, recollendo que o Concello presta a maioría deses servizos de xeito directo e que, non obstante, a limpeza viaria, así como o abastecemento domiciliario de auga potable préstanse mediante concesión de servizos; di que iso non é certo porque actualmente non hai un contrato de servizos vixente nin para limpeza viaria nin para abastecemento de auga potable, non habéndoo tampouco para atención a domicilio ou para tantas outras cousas como o mantemento de zonas verdes e outras que pon a Memoria que di que o Concello presta os seguintes servizos obrigatorios: alumeadado público, recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, limpeza de praias, abastecemento domiciliario de auga potable, xardíns e zonas verdes, biblioteca, transporte público, protección civil e brigada de obras; di que non se indica en que condicións se prestan, algo obrigatorio, e se di que a maioría deses servizos se prestan de xeito directo e que iso non é certo polo que requeriría dun desenvolvemento máis explicativo e non so diso senón tamén explicando desde que ano está vencido cada contrato de prestación de servizos ou de concesión de servizos no seu caso para que a Conta Xeral reflexara a imaxe fiel do patrimonio e da situación municipal ao respecto.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que o seu Grupo quería centrar a intervención nas cuestións da Memoria que vén de mencionar e que quere comentar que un ano máis a contratación administrativa “a dedo”, ao marxe dos procedementos de contratación, ten un importe de 7,5 millóns dun total de 14 millóns que é o que se adica a contratación administrativa polo que supón máis do 50%; di que no caso dos servizos a cantidade é dun 6,6%, o que supón o 92% da cantidade total dos cartos que se gastan en servizos, sendo no 2020 un 80% polo que o Concello vai a peor e non se anuncia nada para resolvelo nin se ve ningunha intención para facelo porque é o

Código do documento	Código do expediente
USG17100K1	USG/2022/206
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
206J 3J5G 6W3Q 4D6Q 0BES	

que se busca; di que a situación da Conta Xeral é a que vén de expoñer e que por ese motivo os membros do BNG votarán en contra.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que quere deixar claro que o que se vén votar neste punto é o procedemento, non o contido, polo que xa anuncia que desde o seu Grupo se van abster aínda que vai falar de tres cousas que lle pareceron o máis resaltable; di que o primeiro punto que quere resaltar é en relación cos ingresos pois pode verse que a súa execución é baixa, do 58% e engade que o Partido Popular de Culleredo xa avisou, ao igual que a señora interventora, e que ao equipo de goberno lle deu igual, demostrándose agora que os presupostos eran esaxerados e irrealis e que as previsións que se fixeron dos ingresos eran elevadas, facéndose un orzamento inflando os ingresos, e di que proba do que está adicir é que só se executa o 58%; di que na Conta Xeral do pasado ano xa se viu que a execución era baixa, dun 65%, e que este ano, tal como dixo o Sr. Chouciño Garrido na súa intervención, o Concello segue a empeorar pois a porcentaxe aínda é máis baixa, cun 58%.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que quere falar tamén dos gastos, dos que os tres capítulos máis importantes son persoal, gastos correntes e investimentos, pois duns créditos definitivos que ten o Concello de 39,5 millóns só hasi unhas obrigas recoñecidas de 20,5 millóns, o que significa que só se executou o 52% e que o goberno municipal non foi quen de executar case o 50% do orzamento, engadindo que aínda son peores os datos do capítulo 6, relativo a investimentos, pois só se conseguiron executar 2,5 millóns, o que supón un 14% do orzamento de investimentos, gastando 84 euros por habitante; di que o pasado ano a porcentaxe de execución en investimento foi dun 16% e que este ano é dun 14%, véndose que un ano máis os resultados novamente empeoran e pregunta que excusa ten este ano o goberno municipal porque o ano pasado dixo que a porcentaxe de execución era tan baixa porque se acababa de pasar unha pandemia; di que os veciños seguen agardando unha e outra vez por obras que se repiten e que, á vista dos datos que se presentan, seguen sen executar, e pon como exemplos a renovación da praza de Galicia, a senda peonil entre Castro-Laxe e Vilabora, a renovación dos campos de fútbol que están aínda pendentes, a pista multideporte do Sofía Casanova, a praza da Sagrada Familia, o pechamento da Cross ou o recinto parkour; di que a nula xestión do equipo de goberno repercute na calidade de vida da veciñanza debido á falta de mantemento do patrimonio municipal, as escasas instalacións e servizos municipais e a falta de investimentos para os veciños, véndose un ano tras outro como o goberno municipal promete obras que nin tan sequera están licitadas, sendo só promesas incumpridas durante anos; di que Culleredo ten un nivel de execución do seu orzamento similar ao nivel de concellos de 15.000 habitantes.

Continúa a dicir a Sra. García Gorostizu que quere falar tamén dos reparos pois a señora interventora indica que redactou 315 reparos suspensivos, o que significa que hai gastos que se aproban por un órgano que non ten competencia para iso ou que se aprecian graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou non se acredita suficientemente o dereito do seu perceptor ou que se omiten requisitos ou trámites que poden dar lugar á nulidade do acto, supoñendo 8 millóns de euros polo que, se se ten en conta que as obrigas recoñecidas do presuposto foron 19 millóns, case o 50% dos gastos que se executaron foron con reparo, datos de vergonza e que merecen unha explicación do goberno municipal pois xa no 2019 se batera o récord cun 33%, no 2020 cun 42% e este ano chégase ao 50%, seguindo igual, con contratos prorrogados tacitamente e sen capacidade nin vontade política de aprobar e sacar a concurso servizos municipais básicos e, tal e como dixo tamén o Sr. Chouciño Garrido, nada ten contrato, nin o subministro de auga, nin a depuración, que leva máis de 30 anos na mesma empresa, nin a limpeza de parques e xardíns, nin a axuda a domicilio, preguntándolle ao Sr. alcalde que confianza merece o goberno municipal se non é capaz de dar cobertura aos servizos municipais que se están presentando na actualidade de forma contraria á legalidade.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que lle vai responder en primeiro lugar á Sra. García Gorostizu pois ela mesma dixo que neste punto se está a votar o procedemento e non o contido e non obstante na súa intervención referiuse ao contido

Código do documento	Código do expediente
USG17100K1	USG/2022/206
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
206J 3J5G 6W3Q 4D6Q 0BES	

e en relación á baixa execución do orzamento da que falou na súa intervención lle di que tal como se pode ver na documentación correspondente a porcentaxe de execución do presuposto calcúlase sobre os créditos definitivos, é dicir, sobre os créditos iniciais máis as modificacións realizadas ao longo do exercicio e di que hai que ter en conta que no mes de decembro do 2021 entrou en vigor unha modificación que se realizou con cargo ao superávit do ano anterior, que ascendía aproximadamente a 4 millóns de euros e que, polos tempos da tramitación administrativa que se requiren, non se puideron executar durante o orzamento do 2021, o que leva a que a porcentaxe sexa baixa respecto dos créditos definitivos pero, polo que respecta aos créditos iniciais, se supera o 80%. Engade que esta diferenza aínda é máis se cabe con respecto aos investimentos, pois os 4 millóns de euros que se suplementaron a final de ano eran integramente para investimento e os créditos que non se puideron executar no ano 2021 leváronse en incorporación de remanentes durante o 2022, suplementándose.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, lle di que neste punto non se está na aprobación dos orzamentos senón da Conta Xeral e que é a interventora a que fai as contas, facéndoo seguindo os criterios establecidos, non detectando ningún erro que houbera que corrixir nin ningunha información que ampliar, mantendo o criterio de anos anteriores con respecto ao réxime de prestación de servizos e a xestión directa ou indirecta vén sendo directa ou indirecta independentemente de que o contrato estea vencido ou non porque ese tipo de xestión existiu, véndose o goberno municipal todos os días na obriga de dar unha resposta rápida que en moitas ocasións non pode agardar a que se realice unha lenta contratación administrativa, non entrando a valorar a Intervención á hora de emitir reparos nin na necesidade nin na urxencia pero hai que ter en conta que a Lei reguladora das facendas locais contempla un procedemento legalmente previsto para levantar reparos que é o que segue o goberno municipal, asumindo este a responsabilidade en interés dos veciños e das veciñas porque esa é a principal prioridade.

C.I.F. P-1503100-H

Remata a súa intervención dicindo que, en resumo, o que pón de manifesto a Conta Xeral do exercicio 2021 é que o Concello de Culleredo conta cunha boa saúde financeira, cun resultado presupostario de 3.219.673,60 euros e que, realizados os axustes presupostarios oportunos, obtense un superávit do exercicio de 2.399.182 euros; di que o remanente de tesorería, unha vez realizados os axustes, era de 12.770.327,21 euros que, como vén de dicir, parte del xa foi incorporado no orzamento do exercicio en curso, manifestando todas estas magnitudes económico-financieiras a boa saúde financeira do Concello; di que a Conta ten toda a información establecida pola instrución de contabilidade e pola Lei de facendas locais e foi informada favorablemente pola interventora xeral que é a que realiza as contas segundo os criterios establecidos.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal empéñase en dicir que esta cuestión é algo burocrático e que o que se vota é o procedemento cando a realidade é que dentro da Conta está a Memoria da Alcaldía que é na que o BNG fixo énfase e que está sen asinar, sen que ata o momento se dera explicación ningunha do motivo polo que está sen asinar, e que di cousas falsas das que xa se avisou na Comisión Especial de Contas; di que o equipo de goberno non explicou por que este ano reaparece a Fundación FUNDESCU cando estivo desaparecida nos anos anteriores e que ademáis se di que as competencias que presta o Concello son, como servizos obrigatorios, alumeado público, recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, limpeza de praias, abastecemento domiciliario de auga potable, xardíns e zonas verdes, biblioteca, transporte público, protección civil e brigada de obras, e dise na memoria que o Concello presta a maioría deses servizos de xeito directo cando non é certo, engadindo que as Contas non poden levar algo que non sexa certo porque as Contas son para dar unha imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira e económica do Concello e, da forma que se presenta, quen lea o documento estará lendo algo que non é certo polo que non se pode votar a favor disto e comunica que o seu Grupo ten que votar en contra porque non se está reflexando unha imaxe fiel; di que a Memoria recolle que, non obstante, a limpeza viaria, así como o abastecemento de auga potable, préstanse mediante concesión de servizos, algo que tamén é mentira directamente, engadindo que esta é unha palabra que non lle gusta nada usar pero que cando o é lle hai que chamar polo seu nome e o que se di é mentira porque non se presta a

Código do documento	Código do expediente
USG17100K1	USG/2022/206
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
206J 3J5G 6W3Q 4D6Q 0BES	

limpeza viaria nin o abastecemento de auga potable mediante concesión de servizos xa que a concesión do servizo de limpeza viaria está caducada desde o ano 2012 e o abastecemento de auga potable, do que a empresa Gestagua segue pasando factura, está sen contrato desde o ano 2014 e di que non son quince días senón unha pila de anos polo que non é o caso de que non dera tempo a licitar e engade que ademáis de cumprir a legalidade, a Lei de contratación permite que, ao sacar a licitación pública os contratos, haxa incentivos para as empresas que, ademáis de ofrecer prezos mellores, propoñan melloras aos contratos como pasa en moitos concellos, e pon como exemplo o Concello de Carballo que licitou o servizo de auga potable e a empresa adjudicataria tivo que pagar un canon dunha cantidade millonaria, perdéndose todo iso en Culleredo, onde se redactaron pregos no servizo de Contratación sendo xa el concelleiro do BNG en Culleredo no mandato anterior e no que se estipulaba un canon de 50.000 euros, que é o que se está perdendo todos os anos por non licitar; di que non se sabe canto se está perdendo por non licitar o servizo de limpeza viaria ou de mantemento de xardíns, pois se se licitara poderíanse obter moitas melloras que se están perdendo da forma en que se presta o servizo, facturando o que lles dá a gana.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o goberno municipal di que a intervención non entra na ausencia das contratacións e el di que a intervención di algo moito máis contundente pois, nos trescentos e pico reparos que puxo, di que non se cumpren os requisitos legais esenciais da contratación, ascendendo o importe destes reparos a máis de oito millóns de euros e repetíndose esa situación ano tras ano.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o ano pasado a Sra. Iglesias Becerra puxo como excusa da baixa execución á pandemia e este ano pon como excusa o modificativo e di que o que se destinou do modificativo a investimento foron 3,1 millóns de euros e que, se se quita este importe e se resta, sae unha porcentaxe de execución do 18% que tampouco enorgullece a ninguén e pregunta por que o goberno municipal ten ese baixo nivel de execución no capítulo de investimento que deixa de manifesto a incapacidade que ten para xestionar un concello.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que repite o que xa dixo respecto de que a señora interventora segue o mesmo criterio que viña mantendo en anos anteriores e que, con respecto ao réxime de prestación de servizos, a forma de xestión é a mesma, pois a xestión é directa ou indirecta independentemente de que o contrato estea vencido ou non; di que se está a dar conta da Conta Xeral, que é a imaxe fiel dun resultado contable, sen que aquí se entre a valorar a xestión e engade que o nivel de execución, ao que se referiu a Sra. Izaskun, respecto dos créditos iniciais, supera o 80%.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ela se estaba referindo ao capítulo de investimentos, que é o que ao final importa e que, se non se teñen en conta os tres millóns e medio de modificativo, a porcentaxe de execución é do 18%.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que hai que ter en conta todo, que é o que vai no papel.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (11) don José Ramón Rioboo Castro, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González, **6 ABSTENCIÓNS**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Partido Popular de Culleredo (3), dona Izaskun García Gorostizu, don Alfonso Rico Vereá e don Antón Prieto García, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García e **2 VOTOS EN CONTRA** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2) , don Enrique Antonio Chouciño Garrido e don Gonzalo Méndez Mosqueira, o **ACORDO** seguinte:

Código do documento	Código do expediente
USG17I00K1	USG/2022/206
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
206J 3J5G 6W3Q 4D6Q 0BES	

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao 2021.

REMATE DA SESIÓN:

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral accidental, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26.01.2023, segundo o borrador asinado o día 19.01.2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral accidental, que dá fe.

C.I.F. P-1503100-H